

—Resolución do 22 de febreiro de 1994, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 4.061 A.T.).

1.894

—Resolución do 23 de febreiro de 1994, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 4.056 A.T.).

1.894

—Resolución do 28 de febreiro de 1994, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se somete a información pública a solicitude da declaración de urxente ocupación de bens e dereitos afectados polas instalacións eléctricas que se indican, a prol da entidade mercantil Unión Eléctrica-Fenosa, S.A.

1.895

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

—Anuncio.

1.896



DIARIO OFICIAL DE GALICIA

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN
Secretaría Xeral da
Consellería da Presidencia
e Administración Pública

Edificio San Caetano
Teléfonos 544268 - 544270
Fax 544272 - 544273
Santiago de Compostela
ISSN 1.130-9210
Depósito Legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.
R/ Concepción Arenal, 11-13.
A Coruña

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Decreto 67/1994, do 25 de marzo, polo que se modifica parcialmente o Decreto 98/1992, do 26 de marzo, sobre financiamento e adxudicación de vivendas de promoción pública.

A actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia, configurada nos seus aspectos básicos polos decretos 287/1993, do 10 de decembro, e 291/1993, do 11 de decembro, determina a necesidade de modifica-lo apartado 2, do artigo 6 do Decreto 98/1992, do 26 de marzo, polo que se regula o financiamento e a adxudicación de vivendas de promoción pública.

Sendo a Consellería de Familia, Muller e Xuventude o departamento encargado de xestionar, a través da Dirección Xeral de Familia, a política autonómica en materia de acción social, nos sectores da familia, infancia e menores e minorías étnicas, considérase preciso integra-los seus delegados provinciais nas comisións provinciais de vivenda, como vocais de carácter permanente.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e logo de de-

liberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintecinco de marzo de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:

Artigo único.—O apartado 2 do artigo 6 do Decreto 98/1992, do 26 de marzo, queda redactado como segue:

2. As comisións provinciais de vivenda terán a seguinte composición:

O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que desempeñará o cargo de presidente.

O delegado provincial do IGVS, que desempeñará o cargo de vicepresidente, e poderá, en caso de delegación ou ausencia do titular, asumir as funcións do presidente.

O xefe de área provincial do IGVS, que actuará como secretario.

Os seguintes vocais con carácter permanente:

O delegado provincial da Consellería da Presidencia e Administración Pública.

O delegado provincial da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

O secretario da delegación provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

Un deputado provincial.

Vocais con carácter transitorio:

O alcalde ou concelleiro do concello onde estean as vivendas que se van adxudicar.

No caso de existiren outros concellos interesados na adxudicación, por posibilidade de solicitude dos seus residentes, o presidente da comisión poderá incorporar a esta un representante de cada un dos devanditos concellos.

Disposición derradeira

O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de marzo de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cufía Crespo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Decreto 68/1994, do 25 de marzo, polo que se modifica o Decreto 94/1992, do 11 de abril, polo que se regula a composición da Comisión Galega de Artesanía.

O Decreto 94/1992, do 11 de abril, polo que se regula a composición da Comisión Galega de Artesanía, establece no seu artigo 1, apartado c) Vocais, parágrafo terceiro, que como membros integrantes da devandita comisión figurarán: representante de cada unha das consellerías de Cultura e Xuventude, Educación e Ordenación Universitaria, Traballo e Servizos Sociais e Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno.

O Decreto 287/1993, do 10 de decembro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no que se modifica a Consellería de Cultura e Xuventude, desaparecen as consellerías de Traballo e Servizos Sociais e Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, e créanse as de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e da Familia, Muller e Xuventude.

Cómpre, en consecuencia, adapta-la composición da Comisión Galega de Artesanía establecida no Decreto 94/1992 conforme a fixada no Decreto 287/1993 e facer ó mesmo tempo unha nova distribución dos vocais representantes da Xunta de Galicia na devandita comisión en virtude das competencias que, relacionadas dalgun xeito coa artesanía, corresponden ás mesmas.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Industria e Comercio, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e cinco de marzo de mil novecentos noventa e catro,

DISPÓÑO:

Artigo único.—O parágrafo 3º do apartado c) Vocais, do artigo 1 do Decreto 94/1992, do 11 de abril, polo que se regula a composición da Comisión Galega de Artesanía, quedará redactado nos seguintes termos:

c) Vocais:

Un representante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Un representante da Consellería de Cultura.

Un representante da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

Un representante da Secretaría Xeral para o Turismo.

Disposicións derradeiras

Primeira.—Facúltase o conselleiro de Industria e Comercio para que dicte as normas oportunas para o desenvolvemento do presente decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de marzo de mil novecentos noventa e catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Juan José Fernández García
Conselleiro de Industria e Comercio

CONSELLERÍA DE FAMILIA, MULLER E XUVENTUDE

Corrección de erros.—Decreto 53/1994, do 4 de marzo, polo que se crea a Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil e se regulan as condicións e procedemento para o recoñecemento oficial dos Servizos de Información Xuvenil.

Advertidos erros no citado decreto (publicado no DOG do 17 de marzo de 1994), cómpre efectuar as oportunas correccións:

—Na páxina 1.369, no artigo 13, apartado 1º, onde di: «Presentación de solicitude diante da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, ben directamente ou a través das súas delegacións provinciais, segundo modelo oficial», debe dicir: «Presentación de solicitude diante da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, ben directamente ou a través das súas delegacións provinciais, segundo modelo oficial (anexo), que poden recoller nas citadas dependencias ou nos centros de Información Administrativa e Atención ó Cidadán».